

Mércores, 1 de Febreiro de 2006

Nova

Ensigna: un proxecto tecnolóxico galego para facer máis doada a aprendizaxe da linguaxe de signos



Como facer que a tecnoloxía facilite a vida das persoas con discapacidade? Na liña de atopar respostas a estas e outras preguntas semellantes, a [Dirección Xeral de I+D](#) e o departamento de e-learning do [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (CESGA) están a desenvolver o proxecto Ensigna, una iniciativa na que participa tamén a Universidade de Santiago (USC), a Fundación da

Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia e o Grupo FEMXA. A finalidade de Ensigna é desenvolver un curso piloto *on line* para a ensinanza da lingua de signos española, facendo uso para isto das novas tecnoloxías da información.

Este curso piloto inclúe contidos didácticos accesibles cunha proposta metodolóxica innovadora. Segundo informan os responsables do curso, durante o transcurso do mesmo equiparase ó profesor e ós alumnos de *pockets PC* (computadores de peto) que lles fagan posible o acceso ó contidos en liña, así como comunicarse de xeito simultáneo a través de texto ou ben a través da lingua de signos facendo uso das vantaxes de videoconferencia.


Entrevista



[Enrique Varela](#)

director do I Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación

Firma convidada



[Rede Compostela Wireless](#)

unha ponte sobre a fenda tecnolóxica

